

#### OBRAS

Comezan os traballos de ampliación do Club Náutico **Páx. 5**

#### PRAIAS

Os areais, en condicións óptimas este verán **Páx. 10-13**

#### SERVIZOS

Regulado o acceso ás vivendas cedidas pola SAREB **Páx. 16**

#### TURISMO

Imaxe de marca con vistas á Ribeira **Páx. 18**

## Un percorrido inmellorable no I Trail Concello de Miño

As parroquias de Bemantes, Callobre e Miño acolleron o 5 de setembro unha destacada cantidade de deportistas dentro da realización

do 'I Trail Concello de Miño. Boucelo – San Ramón. O teu Xacobeo en CaMiño'. As persoas participantes tiveron a oportunidade de aventurarse

por espazos como a Capela de San Ramón, o Muíño de Boucelo ou a Ponte do Porco, entre outros. O evento estivo organizado polo Concello

e o Club de Trail-Running Galea. Tamén colaborou a Asociación Querendo e contou co patrocinio da Xunta de Galicia. **Páx. 23**



As parroquias de Bemantes, Callobre e Miño foron os escenarios desta primeira edición da competición

### Aprobada a ampliación do prazo de pago da débeda ata o 2043

As arcas municipais de Miño beneficiaranse do aprazamento do pago da débeda ata o 2043 aprobado polo Ministerio de Facenda. Deste xeito, o Concello pasará de amortizar 1,6 a 0,9 millóns de euros ao ano. **Páx. 3**

### Cinco parcelas de Costa Miño pasan a titularidade municipal

As cinco parcelas de Costa Miño que eran titularidade de Martinsa FADESA S.A. xa forman parte definitivamente do patrimonio municipal. O trámite foi formalizado ante notario por parte do alcalde, Manuel Vázquez Faraldo. **Páx. 8**

# Formación en xardinería para o alumnado do obradoiro de emprego Ártabro Emprende

**Son 20 alumnos e alumnas os que participan nesta acción formativa conxunta**

**O**s concellos de Miño, Cabanas, Monfero, Paderne e Pontedeume uníronse para

organizar o obradoiro dual de emprego 'Artabroemprende', que conta cunha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade.

Manuel Vázquez Faraldo visitou, xunto co delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, os 20 alumnos e alumnas desta acción

formativa conxunta e coñeceron, acompañados do alcalde de Pontedeume, do de Monfero, e das concelleiras e concelleiros dos outros municipios, os traballos que están a levar a cabo nas zonas verdes e as rúas interiores de Costa Miño.

O rexedor destacou a

"ampla posibilidade de inserción laboral que terá este obradoiro xa que, por exemplo, nesta zona hai e haberá moita demanda de persoal de xardinería" e valorou "a calidade da formación e o gran traballo que están a facer nestes espazos e que a veciñanza agradece".



Foto de grupo durante a visita institucional



Traballos nas rúas interiores de Costa Miño

## Remata a prórroga das áreas de terrazas exteriores

O Concello deu por finalizada o 1 de outubro a prórroga do decreto que regulaba a habilitación da superficie de terrazas exteriores. Durante unha época na que o sector hostaleiro estivo especialmente castigado polas restricións sanitarias, puideron aumentar así as posibilidades de colocación de mobiliario e incrementar a capacidade máxima, reducindo as perdas económicas. Permitiuse tamén ampliar as zonas autorizadas coa correspondente eliminación de prazas de aparcamento.

## Inxección de 90.000 euros de axudas para 50 autónomos

As subvencións do programa PEL-Reactiva da Deputación da Coruña para sufragar os diferentes gastos derivados da pandemia, que suman un total de 90.000 euros, xa foron ingresadas nas contas de 50 autónomos e microempresas do municipio. Estas

axudas oscilan entre os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen empregados e 3.000 euros para aqueles que contasen cun cadro de persoal de entre 6 e 9 membros. Podían usarse para sufragar gastos correntes ou o acondicionamento dos negocios.



**Deputación  
DA CORUÑA**  
**PEL** Plan de Emprego Local

## Obradoiro para potenciar a cociña mariñeira

Especialistas de recoñecido prestixio serán os encargados de impartir un obradoiro de cociña mariñeira co que se pretende devolver os pratos mariñeiros tradicionais ás cociñas dos restaurantes miñenses e fomentar así as sinerxías entre os empresarios. Os participantes compartirán receitas e coñecementos nunha serie de clases formativas, que deste xeito concienciarán os locais sobre as moitas virtudes que teñen os produtos mariñeiros tratados coas últimas técnicas culinarias.



# O Goberno Central acepta ampliar o prazo de pago de toda a débeda ata o ano 2043



Anuncio da medida no salón de plenos, coa presenza do delegado e a subdelegada do Goberno

**Grazas a esta medida, de ámbito estatal, o Concello pasa de pagar 1,6 millóns de euros ao ano a 0,9 millóns de euros**

**U**n desafío vital para as arcas municipais. Isto é o que supón a adhesión do Concello de Miño á medida estatal para o financiamento das débedas das administracións locais a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO), que xa foi aprobada polo Ministerio de Facenda e que permitirá ampliar ata o ano 2043 o prazo de pago total da débeda municipal co Estado.

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, acudiu a Miño para anunciar que podía acollerse a esta medida, que a grandes trazos permite agrupar os dous créditos aos que debía de facer fronte a tesourería municipal nun só e aumenta o prazo de amortización en 5 e 13 anos, respectivamente.

Antes da aplicación da medida, o Concello tiña dous

**12 MILL  
A PAGAR ATA  
2038**

**7 MILL  
A PAGAR ATA  
2030**

**19 MILL  
A PAGAR ATA  
2043  
COMEZANDO EN  
2023**

DE **1,6 MILL** A **0,9 MILL** AO ANO

A DE **2038** AUMENTA O PRAZO EN **5 ANOS**  
A DE **2030** AUMENTA O PRAZO EN **13 ANOS**

préstamos adquiridos para facer fronte á débeda xerada polo proceso de urbanización de Martinsa FADESA en Costa Miño. Por un lado, o principal, de 12 millóns de euros, cun período de amortización que finalizaba en 2038. Polo outro, un crédito de 7 millóns de euros que remataba en 2030.

Agora, conseguíuse ampliar o prazo de pago do crédito de maior contía en 5 anos e do de menor en 13 anos, o que significa que o Concello pasa de pagar 1,6 millóns de euros ao ano a 0,9 millóns de euros. Ademais, establécese un período de carencia de 2 anos polo que non terá que comezar a amortizarse ata 2023. Vázquez Faraldo explica que "agora que temos aprobada esta medida poderemos comezar a traballar nun novo escenario cun alivio importante para as arcas municipais" e lembra que "aínda así temos que facer fronte a unha gran débeda que non debería de ter o Concello".

# Máis de 150.000 euros para a mellora de dez vías

**Renováronse camiños nas parroquias de Bemantes, Callobre e Carantoña con cargo ao Plan Único da Deputación da Coruña**

**O** Concello continúa a mellorar a súa rede de infraestruturas públicas e as conexións entre os seus núcleos de poboación. Neste sentido, entre os meses de maio e xuño executouse o asfaltado de dez vías nas parroquias de Bemantes, Callobre e Carantoña cun investimento de 151.561,25 euros financiados na súa maior parte a través do Plan Único da Deputación da Coruña.

Parte dos traballos realizáronse en tres camiños de Bemantes. É o caso do treito que conecta Ansimonde coa estrada provincial DP-4804 en Santa Uxía, o camiño entre Sanchal e Barcia e, por último, o tramo do antigo campo de fútbol, que agora conta cun firme con boas condicións de seguridade para circular.



Traballos no treito entre Sanchal e Barcia, na parroquia de Bemantes

Na parroquia de Callobre asfaltáronse outras tres vías. Neste caso, interviuse entre Barbeita e Vigo, no percorrido entre a AC-160 e Brea e desde Vigo a Pousadoira.

Tamén se melloraron as condicións de circulación en diversos camiños de Carantoña. No proxecto incluíronse varios tramos no núcleo da Sapeira, outros no Xuncal e a estrada que une Carantoña cos Castros. Neste último caso, a intervención constou dunha parte que se executou con fondos propios, xa que nun plan anterior non se contemplaba o camiño na súa totalidade.

Este conxunto de actuacións busca incrementar a seguridade para as persoas usuarias da rede de estradas municipal. O goberno local, en palabras do alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, mantén como "prioridade" conservar no mellor estado posible "as vías de comunicación principais e secundarias sempre tendo en conta a limitada capacidade económica das arcas municipais".

## Máis de 4.500 puntos de luz con tecnoloxía LED cun investimento de 2,3 millóns de euros



A intervención permitirá un importante aforro enerxético

Esta axuda permitirá a substitución da totalidade do sistema de iluminación pública de Miño nunha aposta do goberno local polo aforro enerxético e pola diminución da contaminación lumínica.

O proxecto contempla a substitución dos anteriores puntos de luz, que contaban con materiais como vapor de sodio, haloxenuro metálico ou vapor de mercurio. O novo sistema de iluminación estará dotado de tecnoloxía LED nunha rede máis eficiente.

Tamén se incluírá a actualización dos 92 cadros de mando existentes para adaptalos á normativa vixente. En total, reducirase a potencia de 406,46 kW a 169,61 kW, o que supoñerá un aforro enerxético do 70,75%.

O Concello de Miño encara os traballos de renovación de 4.534 puntos de luz de todo o municipio. Trátase dun

proxecto financiado a través dunha subvención de 2,3 millóns de euros do Instituto para a Diversificación e o

Aforro de Enerxía (IDAE), con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, (FEDER).



# Comezan as obras de reforma e ampliación nas instalacións do Club Náutico de Miño

O proxecto conta cun orzamento de 261.228,55 euros cofinanciados polo Concello e a Secretaría Xeral para o Deporte

**X**a están en marcha os traballos de reforma e ampliación do Club Náutico de Miño. Este proxecto conta cun orzamento total de 261.228,55 euros cofinanciados entre o Concello, que aporta un 30%, e a Secretaría Xeral para o Deporte, que suma a porcentaxe restante.

Deste xeito, o goberno local inviste na mellora das instalacións dunha institución deportiva que nos últimos anos está a rexistrar éxitos en diversas regatas e competicións autonómicas e nacionais.

A intervención inclúe a demolición da parte alta do edificio de almacén e a ampliación da área que funciona como ximnasio. Redistribuiranse os espazos interiores co obxectivo de aproveitar ao máximo a súa utilidade e construír novos vestiarios e aseos.



Traballos nas instalacións

Por outra banda, creárase un anexo que servirá de unión entre os espazos xa existentes e cuxa función estará destinada a carga e descarga. Contará cunha estrutura a base de pórticos de aceiro laminado, correas do mesmo material e unha cuberta de panel tipo sándwich. O resultado final será un só edificio, pero dividido en tres volumes claramente diferenciados polas súas alturas.

## Xestión das instalacións

Unha vez rematados os traballos de reforma e ampliación cos que dar resposta á crecente demanda de uso das instalacións do Club Náutico, o Concello de Miño será a institución

*O resultado final será un só edificio, pero dividido en tres volumes claramente diferenciados pola súa altura*

encargada de xestionar, manter e conservar en bo estado o recinto.

A concesión dos terreos outorgada por Portos de Galicia permanecerá vixente por un prazo de 25 anos prorrogables a outros 25.

## Traballos de aglomerado entre os núcleos de Lago e Fondal

O camiño que vai desde Lago a Fondal, na parroquia de Perbes, conta cun novo pavimento grazas a un investimento do Concello de 38.793,81 a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). A actuación realizouse en dous treitos da vía e incluíu a limpeza de cunetas, o varrido do firme existente e a aplicación dunha nova capa cunha composición de aglomerado en quente.

Logo do remate dos



Actuación na vía

traballos, instalouse un sistema para a recollida de pluviais e pintáronse as correspondentes marcas viarias.

Desde o goberno local destacaron que a través deste proxecto "conseguíuse facilitar o acceso dos propietarios ás súas vivendas e parcelas agrícolas cun firme de boa calidade que permitirá estender a vida útil desta estrada durante varios anos". "Buscamos o mellor rendemento económico maximizando prestacións", concluíron.

# Miño duplica a súa capacidade de abastecemento de auga potable

**O Concello renovou unha das dúas tubaxes da zona de captación da central de Güimil, que estaba fóra de servizo**

O Concello duplicou a capacidade de abastecemento de auga potable ao municipio coa renovación dunha das dúas tubaxes da zona de captación da central de Güimil. A intervención contou cun orzamento de 17.000 euros.

Deste xeito, volveuse poñer en funcionamento esta canle, que ata o momento permanecía fóra de servizo. O goberno local asegura así o abastecemento para a poboación do municipio, que chega a triplicarse durante o período estival. A subministración cunha soa tubaxe podía supoñer un perigo en caso de atasco ou rotura.

Estas tubaxes sitúanse na zona de captación da central de Güimil, cruzando o río Lambre. A primeira delas

circula por debaixo do leito do río e a segunda por riba del. Con esta intervención procedeuse a substituír esta última, que presentaba corrosión pola falta de mantemento.

A pesar de tratarse dunha actuación "que non se percibe a simple vista", segundo explicou o rexedor, Manuel Vázquez Faraldo, "asegúrase o funcionamento dun servizo imprescindible".



Tubaxe renovada na central de Güimil

## Abastecemento en Ponte do Porco

O Concello de Miño destinou arredor de 40.000 euros a substituír a rede de abastecemento de auga potable na Ponte do Porco, nun proxecto incluído dentro do Plan Único da Deputación da Coruña. O obxectivo da actuación foi actualizar a infraestrutura, deteriorada polo paso do tempo, e asegurar un servizo básico para a veciñanza residente neste núcleo.

Na intervención acometeuse a renovación de 500 metros de tubaxe de fibrocemento por outra de fundición. Tamén se procedeu a instalar catro bocas de rego, dous pozos de rexistro, repoñer as acometidas pertinentes e, por último, a acondicionar o firme da zona afectada.

## Activo o bombeo para a Barbeita

A veciñanza de Barbeita, na parroquia de Callobre, xa conta cun servizo de abastecemento de calidade e de garantía nos seus fogares grazas á posta en marcha do sistema de bombeo na rede xeral.

Logo de meses de agarda para obter a autorización coa que poder conectar a infraestrutura á rede eléctrica, o Concello puido activar o servizo a finais do mes de xullo.

A ausencia dun grupo de bombeo na rede de abastecemento da zona provocaba que as 15 familias que residen no núcleo de Barbeita contasen con niveis de presión de auga moi baixos, o cal derivaba nun mal funcionamento dos quentadores, entre outros dispositivos.

## Rede de saneamento renovada en Sombreu

Os núcleos de Muradas e Pedregal, na parroquia de Sombreu, contan cunha rede de saneamento nova logo dun investimento de 130.000 euros con cargo ao Plan Único da Deputación da Coruña.

Deste xeito, o Concello de

Miño ampliou un proxecto da anterior lexislatura no que tan só se contemplaba o arranxo do firme e unha partida de 12.000 euros a pesar das reiteradas roturas dos sistemas de saneamento e pluviais na zona.

Renováronse máis de 400 metros de canalizacións para augas residuais e outros tantos para a recollida de augas pluviais coas súas correspondentes demolicións, movementos de terra, pozos e reposición de acometidas.



Substitución da tubaxe en Muradas e Pedregal



# O CEIP de Bemantes contará cunha zona de xogos con cuberta

O Concello destina preto de 30.000 euros para a mellora das instalacións e do coidado dos escolares

O CEIP de Bemantes dispoñerá dun patio de xogos cuberto dentro do seu recinto. O Concello de Miño destina un total de 29.275,48 euros para este proxecto, "unha aposta do goberno

local para responder ao incremento de escolarizacións e seguir mellorando a rede de infraestruturas locais", segundo explicou o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo.

Deste xeito, a rapazada poderá gozar dun espazo de xogo resgardado das inclemencias meteorolóxicas que facilitará tamén o acceso do profesorado e do alumnado ás clases e ao edificio anexo sen mollarse.



Recreación do proxecto



As actuacións incluíron a reparación dos diferentes elementos de xogo

## Parques infantís renovados e seguros para nenas e nenos

Os parques infantís do municipio contan cunhas condicións de seguridade óptimas logo de que o Concello acometese a primeira fase do seu plan de mantemento.

Logo dunha época marcada pola situación sanitaria na que estes espazos estiveron sen uso, procedeuse

*Acondicionáronse estes espazos logo dunha época sen uso debido ás restricións sanitarias*

a acondicionar a contorna e os elementos de xogo nos parques de Costa Miño, Rabazal, Porto, Telle, na escola de Bemantes e Viadeiro.

## O Concello instala unha nova porta de emerxencias no local social de Bemantes

O servizo de obras municipal construíu en maio unha porta de emerxencias no local social de Bemantes ante unha petición da asociación veciñal A Irmandade. Este inmoble acolle habitualmente reunións para

eventos ou actividades deportivas, entre outras citas. Así, pasou a ter dispoñible unha nova medida de protección para garantir a seguridade das persoas asistentes así como un acceso máis ordenado.

## Traballos de pavimentación no cruce entre a estrada da praia e o Camiño Inglés

O cruce entre a estrada da praia e o Camiño Inglés contará cun novo pavimento a través dun investimento de 25.463 euros. Deste xeito, dotarase a zona de novas reixas de evacuación de augas pluviais, arquetas

e sumidoiros. Ademais, dispoñeranse lastras lisas de granito para facilitar o paso de peóns pola zona e crear un espazo seguro tanto para as persoas que circulen a pé como para os vehículos.

# Formalizada a escritura das cinco parcelas de Costa Miño, que xa son propiedade municipal

**Para Manuel Vázquez Faraldo é “un paso moi importante porque conseguimos patrimonio do que carecíamos totalmente”**

**A**s cinco parcelas de Costa Miño que eran titularidade de Martinsa FADESA S.A. xa forman parte definitivamente do patrimonio municipal. É así tras a formalización ante notario por parte de Manuel Vázquez Faraldo da escritura pública das fincas, que se obtiveran en dación en pago: as do campo de golf, unha parcela para uso comercial, outra para a creación dunha gasoleira e a última que xa

conta coas estruturas de 20 vivendas pareadas.

A partir de agora está en marcha o proceso e trámites burocráticos necesarios para iniciar a implantación da demandada instalación comercial para a urbanización e sacar á venda as estruturas e o resto das parcelas, que permiten ampliar a oferta para responder á elevada demanda de vivenda que existe para a zona na actualidade.

Faraldo valora este feito polos beneficios que supón para o Concello contar con estas parcelas e porque ademais “é un paso moi importante para Miño, xa que conseguimos un patrimonio que ata o de agora non tiñamos e que, de cara ao futuro, estou seguro de que

vai ser decisivo xa que, dunha forma ou doutra, permitiranos obter unha rendibilidade importante”. Con respecto á superficie comercial, unha demanda dos residentes, explicou que “proximamente será unha realidade porque, como xa vimos dicindo, agora que temos o espazo podemos responder ao interese que xa

*Xa está en marcha o proceso para asinar un convenio cos actuais xestores do Club de Golf*

hai por parte de empresas do sector” e aclarou que “no caso do campo de golf, a idea que vimos mantendo desde hai tempo e que xa está bastante avanzada, é a de establecer

un convenio cos actuais xestores, cos que temos conversas continuamente e que cremos que están facendo un estupendo traballo nas instalacións”, todo baixo a premisa de que “supoña un beneficio para a veciñanza de Miño”.

O rexedor insiste en que “é incontestable e pode apreciarse a simple vista a revitalización que está a ter Costa Miño” e aposta por “seguir traballando neste sentido para completar a urbanización e dotala de servizos dos que agora non dispón, logrando que os seus habitantes teñan as súas necesidades cubertas e atraendo a outros novos á zona, ao igual que no resto das parroquias e lugares do municipio”.



Formalización da escritura pública das parcelas



# O Concello destina 22.500 euros a bolsas comedor e axudas para material escolar

**Prevese aumentar a partida destinada a estas subvencións, cuxa demanda segue en auxe ano tras ano**

O Concello repartiu 22.500 euros en axudas para a adquisición de material escolar e

bolsas comedor de cara a este curso 2021/2022.

Trátase dunha medida coa que o goberno local pretende facilitar o acceso á educación de toda a veciñanza, especialmente das familias con dificultades económicas.

Logo dun último ano académico marcado polas restricións

sanitarias nas aulas e un período de recesión financeira en moitos sectores, esta liña de subvencións volveu a rexistrar unha importante demanda entre o alumnado matriculado nos centros de Miño.

Neste sentido, desde o Concello prevese incrementar a partida destinada a

estas axudas para o curso 2022/2023 para poder beneficiar ao maior número de nenas e nenos posible.

Outro dos aspectos no que se está a traballar para mellorar de cara ao ano que vén é a amplitude e flexibilidade nos prazos de presentación de solicitudes.

## Os campamentos de verán volven a triunfar entre a rapazada



Máis de 300 nenas e nenos de diferentes idades participaron este verán nos campamentos deportivos e de conciliación que organizou o Concello para ampliar as opcións de lecer xuvenil.

Os campamentos de conciliación estiveron dirixidos

a nenas e nenos nados entre os anos 2009 e 2017, ambos os dous incluídos, divididos en catro quendas: primeira e segunda quincena de xullo e primeira e segunda quincena de agosto. Leváronse a cabo en dous espazos diferentes, que foron o local

social de Bemantes e a antiga escola unitaria de Xarío e contou coa colaboración da asociación A Irmandade Bemantes e a asociación Xarío.

No caso dos campamentos deportivos, destináronse a rapazas e rapaces nados

entre o 2007 e 2013, ambos os dous incluídos, divididos en catro períodos: do 5 ao 16 de xullo, do 19 ao 30 de xullo, do 2 ao 13 de agosto e do 16 ao 27 de agosto. Incluíronse actividades como sendeirismo, béisbol, 'slackline', ou 'bodyboard'.

# Os areas de Miño, en óptimas condicións

**A**s praias miñenses tiveron este verán a tempada máis ampla e con máis servizos activos dos últimos anos. Tanto a veciñanza como as persoas que visitaron os areas do municipio durante o período estival puideron gozar dunhas condicións de seguridade e limpeza óptimas xa desde a saída dos primeiros raios de sol. A preparación das praias e da súa contorna, así como das instalacións municipais adxacentes, viuse complementada cun seguimento e mantemento constante por parte do persoal contratado polo Concello. Ao longo dos últimos meses acometéronse diferentes intervencións que melloraron enormemente o grao de accesibilidade dos areas. Entre outras novidades, a praia Grande, a praia de Andahío, a praia de Marín, a praia da Alameda, a praia da


Ribeira e a praia de Lago contaron cunha nova normativa reguladora de actividades como a pesca, a circulación e varada de embarcacións ou a presenza de animais de compañía nos areas miñenses. Tamén se priorizou a circulación de peóns e se favoreceu a creación de espazos amplos para pasear con seguridade.





## Unha mellora constante

Co paso dos anos séguese a incrementar a eficacia e a coordinación de todos os servizos que se prestan nos areais miñenses. Este verán, a tempada de baño estendeuse durante tres meses, dende xuño ata setembro.



## Tres meses de servizos activos

A tempada de verán este ano comezou o 15 de xuño e finalizou o 15 de setembro, completándose así tres meses de servizos activos, con limpeza de praias e mantemento de instalacións municipais, servizo de vixilancia, socorrismo, axuda a persoas con mobilidade reducida ou aparcamento.

# A praia de Andahío de Perbes, tamén con bandeira azul no 2021



Acto de entrega do distintivo na praia de Rodas, nas Illas Cíes

**O goberno local segue a traballar para que a praia Grande poida lucila de novo o antes posible**

A praia de Andahío de Perbes recibiu un ano máis a bandeira azul como certificado da calidade das

condicións de baño do areal e de ser unha referencia a nivel turístico.

O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, participou no acto de entrega das bandeiras que se celebrou na praia de Rodas, nas Illas Cíes, e que reuniu a representantes da Xunta de Galicia e de todos os municipios galegos que

contan con bandeira azul este ano. O rexedor recibiu o distintivo de parte do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e da conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

O goberno local segue traballando para que a praia Grande poida volver a lucila de novo o antes posible.

## Prioridade peonil fronte aos vehículos

Que os peóns conten cun espazo seguro e con preferencia fronte ao tráfico rodado. O Concello de Miño completou a inicios do verán o repintado das prazas de aparcamento da praia Grande, que pasaron de contar cunha distribución en batería a unha en liña.

Coa redución do número de prazas para coches, a intervención logrou crear unha área ampla de circulación para que os peóns poidan pasear con comodidade e seguridade.



Nova distribución de aparcamento

## Calidade turística certificada da praia Grande e da Ribeira

A praia Grande e a praia da Ribeira obtiveron un ano máis o selo do ICTE neste ano 2021. As bandeiras luciron en ambos os areais como certificado de que cumpren cuns altos estándares a nivel turístico,

paisaxístico e de calidade.

Nos actos de izamento estiveron presentes o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, o concelleiro de Turismo, José Manuel Pantín Morado, e a concelleira de Cultura, Catalina Morado Fariña.



Izamento da bandeira do ICTE na praia Grande

## Mostra de solidariedade na XV Travesía a nado de Perbes

A praia de Perbes volveu ser escenario o pasado 25 de xullo da xa tradicional Travesía a nado 'Memorial Miguel Santos', que este verán alcanzou a súa décima quinta edición.

A proba, que está

organizada polo Club Marítimo de Perbes en colaboración co Concello, destinou ao Banco de Alimentos todos os fondos recadados a través das inscricións nas diferentes categorías e probas do evento.



Comezo da XV Travesía a nado 'Memorial Miguel Santos'





Novo sistema de megafonía na praia de Andahío

## Perbes estrea novo sistema de megafonía

**As persoas usuarias poden escoitar agora os anuncios desde calquera punto do areal**

O novo sistema de megafonía da praia de Andahío de Perbes fixo posible que este verán as persoas usuarias puidesen

escoitar os avisos desde calquera punto do areal.

Esta actuación completou o innovador e completo sistema informativo que o Concello dispuxera o ano anterior na Ribeira, na praia Grande e en Perbes. Agora contan con explicacións de locutores profesionais en tres idiomas: galego, castelán e inglés.

## Finaliza a primeira fase da reconstrución da pasarela

A primeira fase dos traballos de reconstrución da pasarela da praia de Perbes permitiu asegurar totalmente as condicións de seguridade no acceso ao areal. A intervención realizouse co obxectivo de facilitar a entrada á praia e sobre todo a circulación de persoas con mobilidade reducida.



Intervención na pasarela

## Accesibilidade ata a beira do mar na praia Grande de Miño

O Concello completou este verán a instalación de dúas infraestruturas fundamentais para garantir e facilitar a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida ata a mesma beira do mar na praia Grande.

En primeiro lugar, dispúxose unha pasarela de madeira entre o paseo marítimo e a beira do mar para permitir o paso de cadeiras de rodas. Ademais, colocou

unha pérgola coa función de zona de sombra e de servir como espazo para facilitar a transferencia da cadeira de rodas á anfibia.

Este sistema inclusivo contou coa colaboración do persoal de salvamento e socorrismo da praia, que estivo á disposición das persoas que fixeron uso da infraestrutura durante a temporada de verán e que velou polo seu correcto funcionamento.



Pérgola para facilitar o cambio de cadeira de rodas á anfibia



Pasarela de madeira que conecta o paseo directamente co mar

## Retirada por seguridade a antiga torre de socorrismo

Este verán procedeuse á retirada da antiga torre da caseta de socorrismo da praia Grande, que supoñía un perigo tanto para os

profesionais como para os peóns polo seu mal estado de conservación. No seu lugar colocáronse os postes da megafonía e das bandeiras.



Desmontaxe da infraestrutura

# Miño constitúe a Xunta Local de Seguridade para coordinar intervencións no municipio



Momento da constitución da Xunta Local de Seguridade

**Este órgano conta con representación do Concello, da Garda Civil, da Policía Local e de Protección Civil**

**N**unha nova actuación coa que mellorar as condicións de seguridade no termo municipal, o Concello impulsou no mes de xuño a constitución da Xunta Local de Seguridade. A creación deste órgano ten o obxectivo de incrementar a coordinación entre as forzas da orde á hora de intervir no municipio.

Así, as reunións están presididas polo alcalde, Manuel

Vázquez Faraldo, e nelas participa un representante da Administración local, da Garda Civil, da Policía Local e de Protección Civil. No acto de constitución, que tivo

lugar en xuño, estiveron presentes representantes de todas as institución e a subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo.

O goberno local motivou

a creación deste organismo logo de rexistrar diversos episodios de roubos, molestias e danos a mobiliario e bens públicos. Coa constitución da Xunta Local de Seguridade, as forzas municipais contan cun importante reforzo a nivel loxístico. En palabras do rexedor miñense, "a actuación coordinada e conxunta vainos permitir chegar a onde por nós mesmos nos sería imposible". "A boa predisposición de todos os corpos de seguridade é fundamental para lograr entre todos que Miño sexa un lugar aínda máis seguro para vivir todos os días do ano", concluíu Vázquez Faraldo.



No acto de creación estivo presente Pilar López-Rioboo

## INCREMENTO NO NÚMERO DE EFECTIVOS DA POLICÍA LOCAL

Os servizos de seguridade do Concello de Miño contaron cun importante reforzo durante o período estival. A Policía Local incorporou un **terceiro efectivo** logo de que a persoa contratada superase un correspondente proceso selectivo.

Por outra banda, durante o verán tamén se sumaron dous novos auxiliares ao corpo que colaboraron nas tarefas de seguridade cidadá nunha época na que se incrementa notablemente a carga de traballo. Así, o seu reforzo supuxo un factor determinante á hora



Auxiliares da Policía Local

de regular a circulación do tráfico nas horas puntas ou nos accesos aos areas do municipio. Do mesmo xeito, realizaron un seguimento exhaustivo do cumprimento das novas ordenanzas municipais sobre talas madeireiras, o uso das praias e os mercados ao aire libre.



# O goberno local inicia o proceso de licitación para explotar a cervexería 'O Vello Almacén'

O local está situado no acceso á praia da Ribeira e permanecía sen actividade dende o ano 2016

**O** Concello de Miño iniciou o proceso de licitación para a explotación do local 'O Vello Almacén'. A concesión da cervexería será de catro anos, con dereito a prórroga por dous anos máis, cun canon anual mínimo de 4.000 euros. O local, que permanecía sen actividade dende o 2016, está situado no acceso á praia da Ribeira.

Entre as condicións para acceder á concesión, a persoa adxudicataria deberá instalar unha pérgola na terraza para mellorar as condicións de comodidade e seguridade das persoas usuarias. Do mesmo xeito, un dos requisitos pasa por que a explotación do negocio estea a cargo de persoas especializadas no ámbito da hostalaría.



Exterior da cervexería 'O Vello Almacén'



Exterior da cervexería 'O Vello Almacén'

## Mercados e feiras baixo regulación

A mellora da accesibilidade e o reforzo da seguridade destas actividades son o obxectivo principal da nova ordenanza para os mercados e feiras ao aire libre, aprobada de maneira definitiva polo goberno local.

Con esta regulación, os postos do feirón dos domingos pasarán a ter localización fixa e especifícanse as condicións hixiénicas e administrativas obrigatorias na venda ambulante.

Esta nova normativa permite unha mellora do servizo tanto para a veciñanza como para os propios vendedores.

## Entra en vigor a nova normativa fronte ás talas

Xa está en marcha a nova normativa de protección de vías municipais por talas de madeira do Concello, pola cal as empresas madeireiras que operen no termo local deberán aboar fianzas de entre 2.500 e 4.000 euros. O obxectivo desta medida é prever os posibles danos causados nos camiños ou nas estradas de acceso.

A través desta ordenanza regúlase a execución de cortas, depósitos, cargas e transporte de madeira no municipio. Desta maneira, o goberno local asegura a conservación dos camiños forestais e das vías de

zonas rurais que se empreguen para levar a cabo estes traballos.

Segundo Manuel Vázquez Faraldo, a entrada en vigor desta normativa permitirá asegurar as boas condicións das estradas, aforrar custos e prever o mal uso "en beneficio de toda a veciñanza".

Esta medida súmase ás recentes actualizacións na regulación do uso de praias ou dos mercados ao aire libre, coas que o goberno local continúa traballando na renovación da normativa local para adaptala ao contexto sanitario e económico da actualidade.

## A ordenanza de praias, en marcha

Este verán púxose en funcionamento a primeira normativa de praias do Concello.

Regúlase así a pesca, a circulación de embarcacións, a acampada, a presenza de animais de compañía, a práctica de deportes acuáticos e outras actividades como o baño e a venda non sedentaria de produtos.


Trátase dun avance máis por parte do goberno local na modernización de usos e servizos nas praias, co que se trata de garantir a seguridade, a saúde pública e a protección do medio ambiente.

# As vivendas de alugueiro e emerxencia social cedidas pola SAREB, con regulación propia

**Xa está aberto o prazo de solicitude de acceso para os doce inmobles que foron cedidos pola SAREB**

**S**er maior de idade, estar censado en Miño durante un período de polo menos 6 meses antes da solicitude, non ser titular dunha vivenda no país e ter uns ingresos anuais mínimos netos de 4.500 euros. Estes son os requisitos para poder acceder a unha vivendas de alugueiro social cedidas pola Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria (SAREB) dispostas polo Concello de Miño. As persoas beneficiarias poderán atender así as necesidades das familias, que poderán ocupar o inmovible durante un ano, podendo prorrogarse por prazos anuais ata

## REQUISITOS DE ACCESO ÁS VIVENDAS



**NON POSUÍR VIVENDA NO TERRITORIO NACIONAL**  
**NON SUPERAR OS INGRESOS MÁXIMOS DA ORDENANZA MAIOR DE IDADE**  
**RESIDENTE EN MIÑO DENDE HAI, POLO MENOS, 6 MESES**  
**INGRESOS MÍNIMOS ANUAIS 4.500 EUROS**

## EMERXENCIA SOCIAL

**OCUPACIÓN 4 MESES**

**FALTA EFECTIVA DE RECURSOS ECONÓMICOS E PATRIMONIAIS**  
**NON POSUÍR VIVENDA NO TERRITORIO NACIONAL**



os tres e, posteriormente, ata os cinco anos.

No caso das vivendas de emerxencia social os requisitos que se deben cumprir son: falta de recursos económicos e

patrimoniais cos que paliar de forma inmediata a necesidade de vivenda e non ser titular nin dispoñer dun inmovible no territorio nacional. O prazo de ocupación destes inmobles

non poderá ser maior a catro meses.

A taxa mensual é de 150 euros, que se deberá pagar por anticipado durante os cinco primeiros días de cada mes, e non se esixirá fianza. Os inquilinos deberán aboar os gastos e consumos orixinados como consecuencia do uso da vivenda.

As persoas interesadas deben formalizar a solicitude no rexistro municipal. A listaxe publicarase e renovarase cada seis meses.

Trátase dunha iniciativa pioneira en Galicia e segundo Manuel Vázquez Faraldo, “unha mostra máis das políticas sociais que está levando a cabo este goberno que non quere deixar a ninguén atrás”.

O Concello facilita así o acceso á vivenda para todas as persoas que se atopen con dificultades.



Aprobación da condicións de acceso ás vivendas de alugueiro social

## Modificadas as condicións na normativa municipal para facilitar o acceso da veciñanza ás axudas de exclusión social

O 1 de xullo publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* o anuncio da aprobación definitiva da nova ordenanza reguladora de axudas de emerxencia e exclusión social de Miño, pola cal se reduce a seis meses o tempo mínimo

que as persoas beneficiarias deben estar censadas no municipio para poder acollerse a estas subvencións.

Trátase dunha modificación sobre a anterior normativa, que esixía figurar un ano no censo municipal para optar

a esta liña de axudas, e cuxa aprobación se debateu en pleno ordinario o 15 de abril.

Este subsidio está destinado a persoas nunha situación económica grave, co obxectivo de cubrir as necesidades e favorecer a integración social.

Segundo o alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, o goberno local “está no camiño de actualizar a súa normativa municipal ás necesidades reais da veciñanza nuns tempos economicamente complicados para moitas familias”.




# O Concello resolve máis de 400 incidencias grazas ao servizo gratuíto 'Línea Verde'

Durante os seis primeiros meses de funcionamento do servizo rexistráronse 668 incidencias, das que o 60% xa foron solucionadas

O servizo de participación cidadá 'Línea Verde' de Miño comezou a funcionar no mes de febreiro co obxectivo de que a veciñanza poida enviar avisos sobre avarías ou outras cuestións directamente ao Concello. Axilízanse así os trámites de resolución ademais de recibir todo tipo de novas e avisos relacionados coa localidade.

Dende o seu lanzamento, a 'Línea Verde' rexistrou máis de 650 incidencias, das cales a maioría están relacionadas co sistema de iluminación público, beirarrúas, vías, sinalización, caídas de árbores ou mobiliario urbano, entre outras.

## INCIDENCIAS RECIBIDAS



Grazas a esta nova canle de comunicación móbil e á gran participación da veciñanza, o goberno local logrou unha notable mellora na conservación do termo municipal, en liña co seu obxectivo de manter no

mellor estado posible todos os espazos públicos de Miño.

Para empregar este servizo tan só é necesario descargar a aplicación gratuíta 'Línea Verde', dispoñible tanto para dispositivos móbiles Android

como iOS, e indicar posteriormente o municipio sobre o que se desexa comunicar unha incidencia. Tamén é posible acceder a este servizo a través da páxina web [www.lineaverde-mino.gal](http://www.lineaverde-mino.gal)

## Éxito no curso municipal de adestramento para cans

O curso de adestramento de cans 'O meu can é un bo veciño', organizado polo Concello en colaboración coa escola canina Eloa K-9, chegou ao seu fin a primeira fin de semana de agosto converténdose nun completo éxito.

O programa, de carácter gratuíto, contou cun total

de 10 clases impartidas os sábados en horario de mañá entre os meses de xuño e agosto.

As prazas, con reserva previa, esgotáronse nos primeiros días, polo que o Concello prevé unha nova edición do curso en outubro co obxectivo de responder á gran demanda da veciñanza.



Clausura da escola canina

## Miño cobre a praza de arquitecto e axiliza trámites

O Concello cubriu este mes de maio a praza de arquitecto, poñendo fin a unha situación que comezou en febreiro de 2019, antes da chegada do actual executivo, cunha baixa médica da anterior persoa no posto que se prolongou ata outubro do 2020. Ademais, en setembro incorporouse un arquitecto como persoal de reforzo.

Ao longo destes meses, o persoal do Concello, e especialmente desde Urbanismo, fixo un sobreesforzo para poder atender e tratar de axilizar todos os trámites acumulados.

Grazas a estas novas incorporacións refórzase

notablemente a capacidade de resposta e mellórase o servizo a toda a cidadanía.



Toma de posesión da arquitecta



Arquitecto de reforzo

## Miño instala a súa imaxe de marca con vistas á Ribeira



As novas letras de 'EnCaMiño' con vistas á Ribeira e a parte do núcleo urbano

**As letras, realizadas de xeito artesanal, pretenden funcionar como un novo punto de atracción turística**

O Concello instalou a súa imaxe de marca 'EnCaMiño' nun enclave estratéxico sobre a praia da Ribeira que ofrece fermosas

vistas ao areal e ao núcleo urbano.

As letras, realizadas de xeito artesanal, pretenden funcionar como un novo punto de atracción turística. Así, sitúanse como un marco inigualable para as fotografías tanto dos visitantes coma da propia veciñanza.

A iniciativa súmase a outras levadas a cabo polo goberno

local para mellorar a experiencia turística no municipio e facer honra á cualificación de concello turístico que ostenta Miño. Nesta liña sitúanse a ampliación da tempada de praia ata os tres meses ou os itinerarios da Senda dos Sentidos e a Fraga do Xarío, percorridos inmortalizados en fotografías por numerosos visitantes do municipio.

## Novos trípticos de información turística

Grazas a dous novos trípticos con información de interese turístico, o Concello continuará mellorando a atención a visitantes e á cidadanía.

No folleto sobre información turística resáltanse uns vinte lugares, acompañados de códigos QR co enderezo de Google Maps para facilitar a chegada a estes espazos.

Nun segundo tríptico reúnen os principais servizos dispoñibles no municipio, divididos por categorías e cun mapa identificativo para poder sinalalos: farmacias, negocios, correos, e outros lugares de interese.

Manuel Vázquez Faraldo asegura que "tanto a veciñanza como as persoas que se acheguen o noso municipio contarán cunhas guías actualizadas e totalmente accesibles".

## Traballos de limpeza no percorrido do Camiño Inglés

Grazas a un convenio de colaboración asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega, Miño puido mellorar a imaxe paisaxística do Camiño Inglés no seu paso por Ponte Baxoi e Ponte do Porco. Procedeuse a realizar labores de limpeza da contorna e restauración dos monumentos da zona.



Cruceiro na Ponte do Porco



Melloras na contorna do parque da Ponte Baxoi



Visita do delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor

## Preséntase a terceira fase do proxecto da Fraga do Xarío

O proxecto da Fraga do Xarío avanza cara á súa terceira fase, na que os traballos se centrarán en rozar, eliminar especies invasoras e despexar un antigo traxecto que comunicaba varios muíños da zona. O goberno local

traballa neste plan dende 2019, co obxectivo de conectar a senda xunto ao río coa praia e o Camiño Inglés ao seu paso por Costa Miño. O proxecto está cofinanciado entre o Concello e a Consellería de Medio Ambiente.



# Tradición e diversión nas festas de San Pedro

**A novidade deste ano foi o 'Día das familias', unha homenaxe aos nenos e nenas da vila**

**M**íño volveu a celebrar as festas de San Pedro por todo o alto cunha ampla programación cultural para toda a familia: pasacalles, música en movemento, a tradicional cucaña e unha gran festa infantil.

Nesta ocasión, continuando coa liña do ano pasado, o goberno local optou por actividades ao aire libre e descentralizadas co obxectivo de garantir o cumprimento normativa e as medidas preventivas fronte á covid-19.

A principal novidade con respecto ás festas do pasado ano foi a celebración do 'Día das familias', unha homenaxe aos máis pequenos e pequenas polo seu bo comportamento nun ano tan complicado. Durante a mañá, o



Espectáculo de teatro 'A tropa do doutor milagre'



Un dos vencedores da cucaña de Miño



O alcalde e membros do goberno local cos gañadores da cucaña

pasacalles 'A danza dos paxaros' de CanCunQuinqué percorreu o municipio, mentres que pola tarde foi a quenda do teatro coa obra *A tropa do doutor milagre*, de Inventi Teatro. Tras isto, e para compensar todas as festas perdidas nestes últimos meses, as familias puideron gozar con *O mega aniversario, unha celebración colectiva!*.

Así mesmo, nestas festividades de San Pedro non podía faltar a tradicional cucaña de Miño, que se celebrou o domingo 27 de xullo e contou coa participación de veciños e veciñas ante a atenta mirada de todo aquel que se achegou ata o porto.

Para o remate da festa estaba prevista unha sesión de fogos de artificio que finalmente non puido levarse a cabo debido á normativa vixente fronte á pandemia, aínda que isto non impediu que a veciñanza gozase con cada actividade.

## A biblioteca acolle unha exposición sobre a autora Xela Arias



Inauguración da exposición 'Aquella nena de Sarria'

A biblioteca Concepción Arenal acolleu en agosto a exposición 'Aquella nena de Sarria', centrada na vida e obra de Xela Arias, a poeta homenaxeada este ano nas Letras Galegas. Esta mostra

única pretendeu recoller o legado artístico que a autora deixou aos escritores e escolares. A exposición percorre a provincia de Lugo, aínda que con Miño se fixo unha excepción debido á relación

histórica de ambos os lugares, tal e como destacou Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria, promotor da exposición. Manuel Vázquez Faraldo agradeceu a parada da exposición no municipio

e expresou o seu desexo de que sirva para dinamizar o centro, que estivo parado no último ano e medio por mor da pandemia. "Agardamos recuperar a actividade social o antes posible", concluíu.



## Demostración de cultura e ocio seguro co gran festival inclusivo 'Música EnCaMiño'

De Vacas no festival 'Música EnCaMiño'

**De Vacas, Xosé Lois Romero & Aliboria e a charanga 'Santa Compañía' formaron o cartel do evento**

**A** aposta cultural do Concello de Miño viuse reforzada novamente coa celebración do festival 'Música EnCaMiño'. O evento, organizado en colaboración de O Teu Xacobeo, foi de carácter gratuíto, permitindo a todo aquel que se

achegase gozar da música, sempre dentro das medidas e restricións sanitarias vixentes fronte á covid-19 para garantir a seguridade do público.

Os concertos comezaron o sábado 15 de maio nas pistas de Rabazal, onde a chuvia non impediu que o público, amparado por unha carpa, gozase do espectáculo de Xosé Lois Romero e o grupo local Aliboria.

O festival continuou o

día seguinte coa charanga Santa Compañía, que levou a súa música e diversión a cada un dos recunchos das rúas de Miño. O percorrido



Concerto de Aliboria e Xosé Lois Romero no 'Música EnCaMiño'

musical comezou na rúa Raxel e rematou na Praia Grande.

Para pechar o festival, o luns 17 de maio, Día das Letras Galegas, as pistas de Rabazal volveron encherse de música co concerto do grupo De Vacas. Ese mesmo día tamén se aproveitou a ocasión para facer entrega dos premios dos concursos do Día das Letras.

Dende o Concello agrádecese a gran acollida da veciñanza desta proposta cultural, levada a cabo baixo todas as medidas de seguridade covid-19, coa que o goberno local demostrou, unha vez máis, o compromiso por unha cultura e un ocio seguro no municipio.

### MÚSICA PARA TODOS E TODAS

'Música EnCaMiño' foi un festival inclusivo no que todo o público puido gozar, xa que contou con innovadoras mochilas vibratorias, cedidas polo Concello de Nigrán, para as persoas xordas. Grazas a estes dispositivos, que rexistran as frecuencias sonoras e as converten en vibracións, estas persoas puideron sentir a música nos seus peitos.



Intérprete de signos



Mochilas vibratorias

Ademais, contou coa presenza de dúas intérpretes de linguaxe de signos no escenario que traducían cada unha das cancións que soaban.

O goberno local procurou, así mesmo, manter unha comunicación directa con todas estas persoas, adaptando as publicacións sobre o festival nas súas redes sociais con texto alternativo para poder chegar a todos estes usuarios.

### O cine ao aire libre volve ás rúas de Miño

Durante o mes de agosto a veciñanza de Bemantes e Perbes puido gozar coa proxección dos filmes *Pérez* e *La gallina Turuleca* dentro

dun ciclo de cine celebrado da man da Deputación da Coruña co obxectivo de facilitar o acceso á cultura segura e previr contaxios.

### Roberto López Cagio presenta novo libro

O escritor miñense Roberto López Cagio presentou nas instalacións do local social de A Rúa o seu novo libro *La virgen de la peregrina*

dentro da saga *El guardián de las flores*, unha colección onde narra diversas historias ambientadas nas Fragas do Eume.





XX Feira da Cebola Chata de Miño



Cartel da XX Feira da Cebola Chata de Miño

# Éxito de participación na vixésima Feira da Cebola Chata do Concello de Miño

**O evento, que acolleu unha gran afluencia de xente, respectou en todo momento as medidas sanitarias**

O sabor da cebola chata marcou a xornada do 1 de agosto en Miño.

A XX edición da Feira da Cebola Chata comezou pola mañá coa apertura do

mercado de artesanía e do tradicional stand, no que se expuxo este produto tan destacado na comarca, así como froitas e verduras.

O evento estivo amenizado polo pasacalles do grupo de gaitas Asubíos da Chaira e contou coa demostración de pintura en vivo de Javier Vidal.

Así mesmo, celebrouse o relatorio "Cuando lo verde es lo que importa", que contou

coa presenza dos primeiros embaixadores da Chata de Miño e creadores do mellor blog de cociña de España por Canal Cocina ([www.la-cocinaesvida.com](http://www.la-cocinaesvida.com)): Marco Soriano de Tejada e Ana Prieto.

No evento tampouco faltou a sesión vermú, a cargo do grupo 'Los jinetes del Trópico', xunto cunha degustación de empanada e churrasco por conta do Club

Náutico de Miño.

Os máis pequenos e pequenas da casa tiveron tamén actividades durante toda a xornada, destacando o espectáculo 'Máis alto aínda' de Desastronauts.

Unha sesión de fogos de artifício pechou a XX edición da Feira da Cebola Chata, na que o cumprimento da normativa sanitaria non impediu gozar do sabor deste produto estrela.

## Nova campaña contra a violencia de xénero no verán

Nesta ocasión, o consistorio impulsou unha nova campaña contra a violencia machista para os meses estivais: 'Verán libre de violencias machistas en Miño'.

Dentro desta nova iniciativa, elaboráronse carteis, follas publicitarias e abanos que se repartiron nos actos culturais celebrados no municipio ao longo destes meses.

Nos carteis recóllese a información das principais vías de axuda e consulta para este tipo de situacións: o 016, o WhatsApp 600 00 016, o correo electrónico [016-online@igualdad.gob.es](mailto:016-online@igualdad.gob.es), un chat en liña en [www.violenciadegennero.igualdad.gob.es](http://www.violenciadegennero.igualdad.gob.es) ou o número de emerxencias 012 ou o WRAP (Web de recursos localizados), cun código QR.

## Sétima edición da Feira de Antigüidades e Coleccionismo

A Asociación Cultural Ferro Vello, en colaboración co Concello de Miño, organizou este mes de agosto a sétima edición da Feira de Antigüidades, Coleccionismo e Vintage.

O evento, dentro das restricións vixentes pola covid-19, logrou reunir a centenas de persoas ao longo do fin de semana no que se prolongou a cita.



Presentación da feira



# O Concello celebra o seu I Open de Padel

A primeira categoría tivo un premio de 1.300 euros

**M**iño organizou en xullo o I Open de Pádel, evento no que repartiu un total de 5.000 euros en premios.

Os partidos xogáronse nas pistas municipais da Galea e nas do Club de Golf Miño e dividíronse en tres categorías: masculino, feminino e menores, sendo unha proposta deportiva na que puido participar toda a cidadanía.



Entrega de premios do I Open de Pádel de Miño

## O campo de golf, escenario de dous torneos de categoría



Alguns dos gañadores do III Torneo Terra das Mariñas - Liñagar

As instalacións do campo de golf de Miño foron o escenario do III Torneo Terra das Mariñas - Liñagar, que se celebrou o 6 e 7 de agosto, e do I Gold Cup Thess Group entre o 11 e o 14 de agosto.

No caso do primeiro



Entrega de premios no I Gold Cup

campionato foi organizado polo Club Terra das Mariñas e contou coa colaboración da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e do Grupo Liñagar.

A competición disputouse en modalidade individual 'stableford' e contou cunha degustación de produtos certificados da Reserva.

En canto ao I Gold Cup Thess Group, tratouse dun evento con catro xornadas de competición. Estas foron as primeiras citas que se celebraron nun campo municipal, xa que o Concello asumiu a titularidade das instalacións logo de que se formalizase o traslado das propiedades que pertencían a Martinsa FADESA.

## Miño, sede do Campionato de España Infantil de baloncesto

O municipio de Miño converteuse na subsele do Campionato de España de Clubs Infantís Masculino de baloncesto, que se disputou no pavillón municipal entre o 12 e 15 de xuño. O evento foi organizado polo Club Santo Domingo de Betanzos, sede principal, e realizouse tamén en Abegondo e Pontedeume. Manuel Vázquez Faraldo entregou as medallas aos xogadores do Seis do Nadal Costa de Vigo, que acadaron o posto 18, e felicítounos polo seu



Partido do Campionato de España de baloncesto disputado en Miño

gran esforzo. O evento contou coa participación de case 400 deportistas de entre 13 e 14 anos, procedentes de 32 equipos de todo o país.



O rexedor co Seis do Nadal Costa de Vigo





## TRES PERCORRIDOS

Esta primeira edición do Trail contou con tres percorridos de diferentes lonxitudes e metros de desnivel.

A andaina constou de 7,8 quilómetros, o Trail Curto chegou aos 16,7 e o Trail Longo, ata os 27,64 quilómetros.

As espectaculares paisaxes miñenses, escenario do primeiro

# TRAIL

## CONCELLO DE MIÑO

### RUTAS POLA NATUREZA

O Trail foi unha gran oportunidade para todos os e as deportistas, que puideron coñecer unha ruta espectacular na que pasaron por paisaxes e zonas de Miño que moitas persoas poden descoñecer.



**B**emantes, Callobre e Miño acolleron o 5 de setembro un gran número de deportistas.

Tiña lugar o 'I Trail Concello de Miño. Boucelo - San Ramón. O teu Xacobeo en CaMiño', co que os participantes se aventuraron polos camiños miñenses.

O evento, organizado polo Concello e o Club de Trail-Running Galea, colaborou coa Asociación Querendo, Mulleres con endometriose, e contou co patrocinio da Xunta a través da campaña de promoción do Xacobeo 21-22.



Os espazos naturais e turísticos do municipio foron un perfecto escenario para unha competición, que discorreu por lugares coma a Capela de San Ramón, o Muíño de Boucelo ou a Ponte do Porco.

### PUNTOS EMBLEMÁTICOS

# Queremos que os nenos do noso concello poidan seguir facendo deporte

## Juan Ramón Anido

Presidente da A.D. Miño

**Novo campo, novo equipo e novos obxectivos. A A.D. Miño comeza tempada coas enerxías renovadas tras un verán no que non deixou os rapaces sen fútbol grazas ao seu primeiro campus deportivo.**

**Comezades tempada estreando campo. Que supón isto para o club?**

É algo moi importante, xa que o anterior céspede tiña uns trece ou catorce anos de utilización e estaba totalmente deteriorado. Con esta mellora, uns 200 deportistas poderán practicar deporte nunhas condicións óptimas, o cal evitará un importante número de lesións. Desde a xunta directiva queremos trasladar os nosos agradecementos á Federación Galega de Fútbol, ao Concello de Miño e á Deputación da Coruña. Sen todos eles, esta actuación non se podería ter realizado.

**Campo novo e equipo novo. Con que metas encara este novo reto o equipo?**

Así é. Este ano nace o Miño B, integrado por rapaces que saíron das nosas categorías inferiores. Facemos isto para que estes rapaces, que acaban a súa formación



A.D. Miño A



Inauguración do céspede do campo de Gallamonde



A.D. Miño B

en xuvenís, poidan seguir adestrando para chegar ao primeiro equipo. Este salto é grande, polo que

poderán contar cun camiño intermedio e seguir tendo un equipo no que seguir mellorando.

**No verán tamén contastes con fútbol. Como foi o Campus A.D. Miño?**

Foi unha iniciativa que partiu do noso coordinador, Javier Riveiro Villanustre, que tivo moi boa acollida por parte do concelleiro de Deportes, José Manuel Pantín, que colaborou no patrocinio e facilitou a organización dunha maneira exemplar. O campus foi un éxito e os participantes quedaron moi satisfeitos, chegando a pedirnos que o ampliáramos por máis tempo. Ao ser o primeiro non sabíamos como ía resultar e acabáronos quedando curto. Teño que dicir que o éxito do campus foi grazas ao gran traballo de Javier, na organización e na preparación, así como dos monitores Marcos Novo, Alejandro García e Antón Riveiro. Aproveitamos este medio para transmitirles o agradecemento da directiva.

**Entón, nova edición?**

Sen dúbida. A intención, dado o éxito da primeira, é darlle continuidade e mesmo que teña máis duración.

**Como foi a preparación para a tempada en tempos de pandemia?**

Foi un pouco rara, pero levouse a cabo cumprindo todas as medidas covid. Esperemos volver á normalidade canto antes.

**Cales son os vosos obxectivos para este ano?**

En canto ás categorías inferiores, queremos que os nenos do noso municipio poidan seguir facendo deporte, xa que cremos que esta forma parte da aprendizaxe dos pequenos. En canto ao modesto equipo B, intentaremos que os máximos rapaces posibles dean o salto ao primeiro equipo. Esperemos estar no grupo de equipos que aspiran ao ascenso.